



CAMPO DE VOLUNTARIADO “ABADIA DE SAN CLODIO” (RIBAS DE SIL - LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
13-24/8/2021	18-30	Estatal	Medioambiental, cultural e patrimonial	12

LOCALIZACIÓN

Ribas de Sil é un concello da provincia de Lugo que pertence á comarca de Quiroga e forma parte da Ribeira Sacra. A capital do concello é San Clodio, aínda que anteriormente a capital era Torbeo.



NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

A intervención principal será nos restos da Abadía onde os traballos serán desbroce e limpeza da fachada por medio de ferramentas adecuadas, valorando as condicións de cada zona para non alterar ningún aspecto dos restos.

Sobre a Abadía, tamén se fará un traballo de investigación mediante recopilación, búsqueda de fontes orais e búsqueda de información sobre o pasado da abadía para poñer en valor a súa historia xa que no propio concello non teñen información da mesma; para rematar creando unha video memoria final de todas as fontes recollidas.

Farase unha campaña de dinamización do Camiño de Santiago de Inverno a través dunha campaña de vídeos e redes e creación dunha ruta en realidade estendida a través dunha plataforma especializada.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Piscina, tiro con arco, carreira de orientación.
- Descubrindo o Xeoparque
- Actividades náuticas (kayak, *paddelboard*)
- Ruta: xeoloxía e arqueoloxía de Galicia.



- Habitación de escapismo
- Rutas de orientación

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas ás modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR:

Ribas de Sil conta con estación de tren, polo que, dende calquera lugar, é a mellor opción de chegar ata este punto de encontro (www.renfe.es). A súa estación está en San Clodio. Tamén se pode chegar por estrada en autobús www.alsa.com

Outras combinacións posibles para o destino en Quiroga son www.monbus.es (Lugo-Monforte de Lemos); www.arriba.gal (A Coruña-Lugo); www.monbus.es (Compostela-Lugo)

ALOXAMENTO

CEIP Ribas de Sil situado no Barrio de San Pedro, en San Clodio.

INCORPORACIÓN

O primeiro día dende as 16.00 h no Centro de Educación de Infantil e Primaria de Ribas de Sil.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital en que se encontrara ingresado o/a interesado/a.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes



CAMPO DE VOLUNTARIADO “ABADIA DE SAN CLODIO” (RIBAS DE SIL - LUGO)

médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toallas de ducha.
- Saco de durmir, mochila pequena para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío) e unha gorra.

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

Servizo de Xuventude de Lugo. Tfno.: 982 294 599

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...

